

III. OUTRAS DISPOSICIÓN**AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN**

EXTRACTO da Resolución do 31 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, das axudas para o fortalecemento dos centros de xeración de coñecemento aliñadas cos retos estratéxicos e prioridades identificados na Estratexia RIS3 de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020 (código de procedemento IN607E).

BDNS (Identif.): 494142.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

Poderán ser beneficiarios das axudas os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica de Galicia validamente inscritos, no momento da presentación da súa solicitude, no Rexistro Estatal de Centros regulado polo Real decreto 2093/2008, do 19 de decembro.

Segundo. *Obxecto*

Estas axudas teñen por obxecto o fortalecemento dos centros de xeración de coñecemento mediante a adquisición de infraestruturas de investigación ligadas ao desenvolvemento dunha mesma liña ou liñas de I+D+i, no marco de cadeas de valor estratéxicas para Galicia da Estratexia RIS3. As infraestruturas deben estar orientadas á mellora da excelencia investigadora do centro tecnolóxico e das súas tarefas de transferencia ao tecido produtivo.

Así mesmo, por medio desta resolución convócanse estas axudas para o ano 2020 en réxime de publicidade, obxectividade e concorrència competitiva (código de procedemento IN607E). As axudas concedidas no marco desta resolución axustaranse ao establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014.

CVE-DOG: i44hitv7-7b23-vxb9-xt72-mj7oj42uw05



Terceiro. Bases reguladoras

Publícanse conxuntamente coa convocatoria.

Cuarto. Importe

O importe total da convocatoria é de 5.000.000,00 euros, coa seguinte distribución por anos:

2020	2021	Total
4.000.000,00 €	1.000.000,00 €	5.000.000,00 €

A distribución dos fondos entre as anualidades 2020 e 2021 é unha previsión que deberá axustarse tras a valoración das solicitudes de axuda. Con este fin poderá traspasarse crédito do exercicio 2020 ao 2021 sen incrementar o crédito total.

As axudas reguladas nesta resolución estarán cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 dentro dos seguintes parámetros: eixe 1. Potenciar a investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación, prioridade de investimento 1.1. A mellora das infraestruturas de investigación e innovación (I+i) e das capacidades para desenvolver a excelencia en materia de I+i, e o fomento dos centros de competencias, en especial os de interese europeo, obxectivo específico 1.1.2. Fortalecemento das institucións de I+D e creación, consolidación e mellora das infraestruturas científicas e tecnolóxicas, e actuación 1.1.2.1. Fortalecemento de centros de xeración de coñecemento.

A intensidade das axudas é do 50 % dos custos subvencionables, conforme o establecido no artigo 26 do Regulamento (UE) nº 651/2014.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (en diante DOG). Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día de publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo remata o derradeiro día do mes.



Outros datos.

Poderase anticipar o 50 % do importe da subvención concedida.

Santiago de Compostela, 31 de decembro de 2019

A directora da Axencia Galega de Innovación
P.A. (Resolución do 16.6.2014 da Presidencia da Axencia,
DOG núm. 127, do 7 de xullo)
Benito Fernández Rodríguez
Director da Área de Xestión

CVE-DOG: i44hitv7-7b23-vxb9-xt72-mj7oj42uwh05

